

Bases para a construcción dun cadro de clasificación de fondos dun arquivo municipal

ALFREDO ERIAS MARTINEZ

1. DEFINICION

Un cadro de clasificación de fondos dun Arquivo Municipal é un entramado de funcións e órganos a través do cal se estructuran as series documentais que o constitúen.

En boa lóxica, o cadro de clasificación é un resultado do bon coñecemento dos documentos e series documentais que integran un arquivo e, polo tanto, é algo que se construirá definitivamente unha vez que se remate o illamento e ordenación das series. De tódolos xeitos, áinda que o cadro sexa unha consecuencia dessa laboura, é evidente que os problemas fundamentais con que se pode atopar un arquiveiro á hora de organizar un arquivo municipal son os mesmos ou semellantes en calquer lugar de España, posto que a lexislación básica afectou a todos de maneira semellante. Iso quere dicir que é perfectamente procedente o intento de construir un cadro de clasificación tipo que facilite, a priori, calquer laboura de organización que se realice nun fondo municipal dado.

Desde un punto de vista estritamente teórico, sería deseable que o dito cadro cumprise ó cen por cen o principio de procedencia e da mesma maneira respetase a orde orixinaria da documentación. Se isto fose así, o resultado sería un organigrama (nunca mellor dito) que nos mostraría todo o entramado de órganos (xa non necesitaríamos falar de funcións) da administración municipal desde que a mesma existe documentalmente. E ó mesmo tempo veríamos tódolos tipos documentais que esos órganos xeneraron e conseguientemente as series que integran o arquivo municipal. Pero, ¿é posible construir un cadro desta natureza?

A resposta a esta pregunta non ten porque ser absolutamente negativa a priori e pode que algún día vexamos facer ese intento. Hoxe por hoxe, nem bargantes, non parece posible unha construcción sólida e racional, basada exclusivamente neses principios, debido a diversos problemas non resoltos. Un deles é a falta de estudos amplios e profundos sobre todos e cada un dos órganos municipais, considerando a súa evolución histórica. Estes estudos deberíannos proporcionar ademais o coñecemento exacto das series documentais que os ditos órganos foron producindo.

Outro problema, áinda coñecendo ben órganos e series, sempre difícil de solucionar, sería o das distintas adscricións duns órganos a outros ó longo do tempo. Porque, segúin iso, un mesmo órgano podería aparecer en diversos lugares do cadro e con el as series documentais que produce, as cales quedarían, deste xeito, fragmentadas. Todo isto, engadindo ademais que un tipo documental dado pode ser elaborado no seu proceso por órganos diferentes.

Como conclusión inicial, pois, non é aconsellable (nin siquera desde un punto de vista teórico) construir un cadro de clasificación cun carácter exclusivamente orgánico. Naturalmente, digo isto porque estou pensando nun CADRO UNICO que abarque o pasado, o presente e se proxecte ó futuro. Outra posibilidade, a de tantos cadros como etapas históricas, non a considero.

2. PRINCIPIOS

2.1. Un cadro de clasificación debe ser ABERTO, ou dito de outra maneira, PREVISOR, de tal xeito que non se arriske a súa validez polas cambiantes circunstancias que poidan afectar ó Arquivo Municipal.

2.2. Un cadro debe ser COHERENTE, de tal forma que non haxa confusión entre os distintos elementos de cada nivel. E dicir, que debemos ter presente a teoría de conxuntos e subconxuntos.

O primeiro problema que debe resolve-lo cadro é o da súa relación con outros cadros doutros arquivos, os cales, polas circunstancias que sexan, conviven co municipal, xeralmente no mesmo edificio, e son custodiados e organizados polo arquiveiro municipal. Pouco importa que xurídicamente non sexan municipais ou que o arquiveiro non teña estritamente a obriga de organizarlos e custodialos. Están aí e non coñezo ningún arquiveiro que os marxinara, senón máis ben todo o contrario. E máis, a súa presencia déixase sentir na maioría dos cadros que coñezo: en Sevilla o derradeiro cadro de Dona Antonia Heredia (X-1988) contén unha sección do A. Municipal denominada, "Documentación ajena a la admón. municipal"; o de Cataluña reserva a secc. 15 e outras posteriores para coleccións facticias; o de Valencia ten diversas seccións a partir da XVI, inclusive, para arquivos notariais, eclesiásticos, etc.; en Mallorca a secc. 6 adícase a coleccións facticias e a 7 a arquivos particulares e de outras institucións; o cadro presentado pola Diputación Provincial de Zaragoza adica diversas seccións, desde a 6 inclusive, a fondos notariais e outros arquivos...

Non fai falta poñer máis exemplos. E claro que eses outros arquivos hai que te-los presentes, pero ¿como? Evidentemente, sen perder de vista o principio de coherencia.

Coherencia quere dicir que se temos que contemplar a realidade de varios arquivos, independentes uns doutros, cada un deles debe te-lo mesmo valor no cadro, non sendo correcto que un (o Arquivo Municipal) aparezca no nivel dos conxuntos (=arquivos) mentres que outros (a. notariais, a. particulares, etc.) aparezan no nivel dos subconxuntos (=seccións) do Arquivo Municipal. E, naturalmente, non importa que un arquivo sexa grande e outro minúsculo: a efectos do cadro cada arquivo ten o mesmo valor e a mesma independencia con respecto ós demais.

Neste senso, o problema dos diversos arquivos ten unha solución lóxica se partimos da base de que todos eles forman o maior conxunto posible con que nos podemos atopar a nivel local: o Arquivo dese municipio, máis aló do que xenera a administración municipal, e que englobaría distintos arquivos específicos.

A efectos do cadro, distinguiranse uns doutros por un díxito, a partir do cal se profundizará na organización de cada un, engadindo un novo díxito por cada nivel: un o arquivo específico, dous as seccións de cada arquivo, tres as subseccións, etc.

En Betanzos contamos tamén con diversos arquivos, unidos físicamente ó Arquivo Municipal. O seu conxunto podería denominarse ARQUIVO DE BETANZOS e consta de diversos arquivos específicos, dos que enumeramos algúns coa dixitación que xa teñen asignada provisionalmente: 1. Arquivo Municipal de Betanzos, 2. Arquivo do Hospital de San Antonio, 3. Arquivo Notarial de Betanzos, 4. Arquivo da Contaduría de Hipotecas de Betanzos, 5. Arquivo da "Sociedad de Socorros Mutuos de Artesanos", 6. Sala "Cronista Vales Villamarín, ...".

O mesmo exemplo pode aplicarse ó nível das seccións, unha vez que entramos dentro dun conxunto-arquivo determinado (o que veño chamando arquivo específico). As

seccións son subconjuntos do arquivo, parte del, non poden existir fóra nin independentemente del. Pois ben, as subseccións, como subconjuntos á súa vez das seccións, teñen o mesmo tipo de relación con elas. Unha subsección é parte dependente dunha sección. Daí que se deba ter moito coidado á hora de definir o nivel das ditas seccións, posto que a menor número delas, maior é a posibilidade de que unha disposición legal calquera, unha variación imprevista, cambie a dependencia, por exemplo, dunha subsección respecto dunha sección dada, co que estaría en crise todo o cadro: sería incoherente.

2.3. Un cadro debe ser FLEXIBLE, o cal abonda na previsión e na coherencia. E preciso prever a posibilidade de distintas adscripciones orgánicas de determinadas funcións ou órganos no tempo, o que implica que o arqueiro á hora de construir o cadro debe ter en conta a probable evolución da sociedade e o feito de que unhas funcións gañen ou perdan importancia. O arqueiro aquí, sobre todo á hora de plantear os pilares do cadro, que son as seccións, debe intentar o ejercicio da prospectiva para que a súa planificación, o seu cadro, sexa o máis duradeiro posible e para que calquer cambio que paulatinamente haxa que aplicar ó mesmo non resulte traumático.

3. ORGANOS IGUAIS, SEMELLANTES E DIFERENTES

E corrente escoitar nas discusións profesionais que tal órgano que produce unha serie dada é en realidade outro con nome diferente, o cal produce outra serie que sería continuación da primeira. Diante disto considero, a partir da miña experiencia diaria no illamento e ordenación de series, que o arqueiro ten que aprender a distinguir esencialmente o seguinte: 1) órganos iguais con distintos nomes, 2) órganos semellantes con distintos nomes e 3) órganos diferentes con nomes semellantes.

Un exemplo do primeiro caso atopoo en Betanzos no que parecen dous ou incluso tres órganos distintos cos nomes: "Asamblea Municipal", "Junta Municipal de Asociados" ou simplemente "Junta Municipal". Comprobéi que son en realidade o mesmo órgano, aparecendo ademais nunha ocasión e para maior seguridade, a expresión: "Asamblea o Junta Municipal de Asociados". Non fai falta dicir que o arqueiro ten a obriga de detectar estes casos con obxecto de non multiplicar artificialmente o número de órganos e conseguintemente o de series documentais.

Mentres que o primeiro caso é evidente e non xenera controversias, non ocorre o mesmo co segundo, é dicir, con aquel en que nos atopamos con dous órganos que, sendo semellantes nas súas funcións, teñen nome diferente. Un exemplo característico disto témolos na desaparecida "Comisión Municipal Permanente" e na actual "Comisión de Goberno". O meu modo de ver, o feito de que teñan funcións semellantes e que xeneren series semellantes, non autoriza ó arqueiro a dicir que son o mesmo órgano. Tam pouco o feito de que a "Comisión de Goberno" ocupe o vacío deixado pola desaparición da C.M.P. autoriza a dicir que son o mesmo. Cada un tivo a súa orixe nun momento dado, producto dunha lexislación concreta. O arqueiro, como norma xeral, non debe confundir nin unir os dous. E isto vale, naturalmente, para as súas series. Haberá, polo tanto: *Libros de actas da Comisión Municipal Permanente* e *Libros de actas da Comisión de Goberno*, ...

Caso diferente é o de aqueles órganos que por entender en temas afins ou complementarios, unhas veces aparecen separados e outras xuntos según a convivencia histórica. Neste caso si é procedente uni-los no cadro. Así, temos en Betanzos unidas as

Xuntas de Beneficencia e Sanidade, o cal implica que o mesmo pode haber series que abarquen ás dúas (*Libros de actas das Xuntas de Beneficencia e Sanidade*) como series específicas de cada unha. Para o terceiro caso, o de órganos diferentes con nomes semellantes, podo poñer o exemplo da Xunta Provincial de Betanzos e da Comisión Provincial de Betanzos, que por existir moi próximas no tempo, entre 1810 e 1813, poderían levar a confusión ...

4. O CADRO DE CLASIFICACION E AS CLASES DE DOCUMENTOS

A teoría arquivística máis ortodoxa dinos que un cadro da clasificación debe aplicarse únicamente a documentos da mesma clase (só textuais, só gráficos, só docs. en imaxe, só docs. sonoros, etc.). Daí que, por exemplo, Francisco LLiset Borrel (*El Archivo Municipal*, Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid, 1969) unha vez que estableceu o seu cadro para arquivos municipais, o aplicase sucesivamente ó que el chamaba as seccións de libros, planos e legaxos.

Hoxe, nembargantes, esta teoría presume que está bastante en desuso, polo menos entre os arqueiros municipais, posto que a realidade e o sentido común conflúen na necesidade dun cadro único, non só no tempo, senón tamén con respecto ás diversas clases de documentos que se produciron ou poidan producirse na administración municipal (outro tema é o da súa instalación , que si pode requerir tratamentos diferenciados).

Con mesura e sen radicalismos entendo que este é o camiño e sobre todo elo haberá que seguir reflexionando...



A Xunta Municipal de Asociados

ALFREDO ERIAS MARTINEZ

JOSE M^a VEIGA FERREIRA

1. INTRODUCCION

Desde que nos atopamos coas series documentais producidas pola Xunta Municipal de Asociados, pensamos que o seu lugar no cadro de clasificación estaba dentro dunha sección da área económica. Nembargantes, a comparación con cadros doutros arquivos, mostrábannos solucións diferentes, ó situar con preferencia este órgano na sección Goberno. Diante disto, consideramos necesario efectuar unha incursión no mellor coñecemento da X.M.A., para así poder decidir nas mellores condicións de información.

2. CRONOLOXIA

A maior parte das series producidas pola X.M.A. de diversos arquivos consultados comenzañan na década de 1870, preferentemente entre 1870 e 1872, o cal lévanos a pensar que a súa orixe está na Lei de 20-VIII-1870, sobre organización e atribucións dos concellos. E posible, nembargantes, que esta orixe haxa que retrase-la, debido a que atopamos algunas excepcións, sen poder comprobar se conteñen ou non algún tipo de erro. Ocurre isto nos arquivos sevillanos (1) de: Cantillana (1869), Almadén de la Plata(1868) e incluso Puebla del Río (1857), ...

Cara ó presente, a data límite acostuma estar entre 1920 e 1924, áinda que hai casos (tamén comparando con arquivos sevillanos) en que parece chegar a 1927 (Mairena de Alcor) e incluso a 1929 (Tocina). Moi excepcionalmente, e polo tanto extráñanos , son xa as datas de 1949 (Puebla del Río) ou 1964 (Umbrete).

En Betanzos, ó nivel actual da organización, a documentación producida directamente pola Xunta Municipal de Asociados abarca de 1882 a 1924.

3. FUNDAMENTOS

A "Ley de ayuntamientos" de 2-X-1877, herdeira da de 1870 di no seu art. 29: *En todo término habrá un Ayuntamiento y una Junta municipal.* As veces denominase ou califícase como "Asamblea", xa sexa na Ley ou xa nos documentos, e así a atopamos en Betanzos no libro de actas da "Asamblea o Junta Municipal de Asociados" do ano 1882.

Tomando como base o art. 50 da Lei de 20-VIII-1870, a R.O. 11-V-1872 determina que as X.M.A. non son persoas xurídicas e, polo tanto, non poden apelar nin elevar recursos de alzada diante da Comisión Provincial ou da Deputación. Só poden efectuar reclamacións ós acordos destes organismos. De tódolos xeitos, a súa indefensión non debe ser tanta cando o 24-I-1916 a Xunta Municipal de Asociados de Betanzos acor-

(1) HEREDIA HERRERA, Antonia. *Colección "Archivos Municipales Sevillanos".* Diputación Provincial de Sevilla, números 1-13, 1983-1988.

dou realizar un recurso de alzada diante do ministro da Gobernación, por estar en desacordo coa resolución do Gobernador Civil, quen declarara ilegal o imposto de "transportes y arrastres de carros".

4. COMPOSICION

Dos artículos 32, 64, 65 e 66 da "Ley de ayuntamientos" de 20-X-1877 dedúcese que a X.M.A. estará composta por: 1) tódolos concelleiros que debe te-lo Concello, e 2) un número de vocais *asociados* igual ó de concelleiros, designados entre os contribuyentes do distrito (2).

Nas actas da X.M.A. de Betanzos, seguindo esta mesma liña, atopamos o 10-IX-1909 que: *la Junta Municipal de este término debe de componerse de los 16 concejales de que consta el Ayuntamiento y de igual número de vocales asociados.*

5. FUNCIONS

O art. 31 da Lei de 1877 di textualmente: *la formación de los presupuestos corresponde a los Ayuntamientos, y su aprobación á las Juntas Municipales (3). También pertenece a estas el establecimiento y creación de arbitrios en el tiempo y forma que esta ley ordena.*

5.1. Formación e aprobación dos presupostos

Coñecer esencialmente o complexo proceso da formación e aprobación dos presupostos é interesante para poder entender mellor a xénese de diversas series documentais na época de funcionamento da X.M.A. E así como a través da mesma Lei de 1877 se poden sinalar as distintas etapas dese proceso:

1º) A X.M.A. debe reunirse na primeira quincena de febreiro para "revisar y censurar las cuentas del año económico anterior".

A aprobación das contas do exercicio anterior realizanse en Betanzos non ano a ano, senon por bloques de anos, e tampouco se efectúa na época que determinaba esta Lei, senon máis tarde. Así, por exemplo, o 19-V-1884 aprobáronse as contas que ían de 1875 a 1879, inclusives; o 5-VI-1884 as de 1879-1883, etc. No s.XX detectámola mesma práctica: o 24-VII-1905 apróbanse as contas de 1896-1901; o 10-IX-1909 as de 1903-1905, ... Cabe significar tamén que a X.M.A. aproba as "cuentas de caudales" do Concello e as dos "fondos carcelarios" (en Betanzos existía e existe unha cárcere de partido xudicial) tal como vemos o 30-VI-1884 en que se aproban as de 1879-1882.

2º) A primeira elaboración do novo presupuesto é realizada polo "contador" e/ou o "concejal interventor", quenes poden ser auxiliados polo "secretario" e demás "dependientes" do Concello. E así, previa censura do "síndico", sométese ó Concello.

3º) Fixado o presupuesto polo Concello, pásase, co dictamen do síndico e de-

(2) O goberno interior de cada término municipal era encomendado a un Concello, formado por concelleiros, os cales dividíanse en tres categorías: alcaldes, tenentes e rexidores, e o Concello era elixido polos residentes de ese término con dereito electoral. O censo de poboación determinaba o nº de concellais que correspondía a cada municipio e dentro deles o de alcaldes, tenentes e rexidores. O nº de alcaldes e tenentes determinaba á súa vez o de distritos en que se dividía o municipio.

(3) A X.M.A. aproba tanto os presupostos ordinarios como os extraordinarios.

mais documentos xustificativos, á X.M.A., a cal efectuará a súa "revisión y censura". A X.M.A. reunirse "en el primer día útil del segundo trimestre del año económico" no Concello, baixo a presidencia do Alcalde e con asistencia do secretario, para nomear do seu seo unha Comisión, que deberá emitir un dictame do presuposto nun prazo de 15 días.

4º) As sesións que a X.M.A. adique á discusión do dictamen son presididas por un vocal que ela elixe.

5º) Examinadas e discutida-las contas, a X.M.A. reúne e vota por maioría absoluta o seu dictame definitivo, o cal deberá ir suscrito por tódolos concurrentes, sexa cal sexa a súa opinión particular, ánta que pode recollerse o seu voto escrito, que se uniría ó expediente.

Das funcións presupostarias da X.M.A. derívanse aspectos non sospeitados a priori. Polo que comprobamos a través dos libros de actas da X.M.A. de Betanzos, intervén de forma directa naquelas cuestións que teñen unha especial incidencia na economía municipal. Así, vémo-la súa presencia en: 1) obras públicas, 2) patrimonio; 3) persoal; ...

Obras públicas:

"... convocada la Junta ... con el único y exclusivo objeto de aprobar o no las condiciones en que se fijaron y aprobaron por el Ayuntamiento las épocas en que se han de hacer los pagos y las cantidades que se han de satisfacer por las obras de construcción del matadero municipal ..." (13-VIII-1904).

Aprobación das condicións económicas para a subasta das obras do "embaldosado" no ensanche da Porta da Vila (24-VII-1905 e 26-II-1909).

Aprobación das "condiciones facultativas y económicas" para a subasta das obras de reparación da Ponte de Cuchiñas (24-VII-1905).

Aprobación das condicións económicas para a subasta de "obras de cerramiento de los terrenos adquiridos para un cementerio civil y ampliación del católico" (24-VIII-1816).

Xestión de subvencións e anticipos de fondos por parte do Estado para a construcción de camiños veciñais, amparándose na R.O. de 21-VI-1918 (27-VIII-1918).

Patrimonio

Aprobación das condicións de pago para a adquisición dunha finca no cementerio (31-XII-1909).

Aprobación das condicións en que fá efectuarse o concurso de arrendamento do Teatro Alfonsetti (20-II-1923).

Persoal

Discusión sobre os soldos dos empleados municipais, posto que según algúen di: "... son excesivos y que por tanto pedirá a la Junta se sirviese hacer de ellos algunas rebajas ..." (5-VI-1884).

"Elección de un médico facultativo titular" (13-I-1900).

Nomeamento de dous médicos facultativos (17-VIII-1907).

Provisión dunha praza de veterinario (10-VII-1911).

Nomeamento dun médico titular (23-IV-1912).

5.2. Establecemento e formación de arbitrios

E esta unha función da X.M.A. que probablemente se podería inscribir noutra más amplia, cal é a de procurar fondos para cubri-las necesidades presupostarias do Concello.

A través dos seus libros de actas vemos en Betanzos que este fin xeral cumpre, sobre todo, mediante o establecemento e formación de consumos, pero tamén se detectan xestións diante do Estado con obxecto de obter subvencións para determinadas obras públicas como xa vimos; ou atopamos que é esta X.M.A. a que leva co Estado as cuestións de crédito e débitos, existentes entre o mesmo e o Concello (26-VIII-1917).

O "Reglamento de Consumos" de 11-X-1898 será o marco xurídico a que se referirá reiteradamente a X.M.A. de Betanzos para o establecemento de impostos municipais sobre comestibles e outros xéneros (consumos). O dereito que o Concello ten a realizar estas imposicións para obter fondos que logo se destinarán a gastos públicos, é o que se denomina arbitrio. Daí que independentemente do nome concreto con que poida denominarse un destes impostos, en xeral tenden a coñecerse como arbitrios.

A X.M.A. é, polo tanto, a encargada de facer efectivo este encabezamento de consumos e os seus recargos (...7-VII-1888, 18-IX-1911, ...); de determinar a forma en que se administrará (2-XII-1911), xa sexa vendendo o servicio do "encabezado de consumos" (8-VIII-1902), ou xa realizando o mesmo por persoal municipal (23-X-1912); de efectuar as rectificacións paulatinas do imposto; de resolve-las reclamacións ou xuicios de agravios, etc.

7. A XUNTA MUNICIPAL DE ASOCIADOS E O CADRO DE CLASIFICACION

Das funcións da Xunta Municipal de Asociados derívase con toda claridade que a súa área de actuación é a económica. E isto é así áinda cando poida parecer, ás veces, que as súas competencias son de tipo xeral polo feito de rozar múltiples funcións ou áreas de actividade (obras públicas, patrimonio, persoal, etc.). Porque nestes casos o seu punto de mira está (de maneira habitual) no que costa tal ou cal cousa e no que iso pode afectar ó presuposto.

En consecuencia, creemos que este órgano e as súas series, polo menos as máis directas (4), deben integrarse como subsección dentro da sección FACENDA do Arquivo Municipal, denominación que aceptamos, logo do acordo a que neste senso se chegou pola maior parte dos arquiveiros municipais do Estado o 7-X-1988 en San Sebastián de los Reyes (Madrid). E máis, a Xunta Municipal de Asociados, ó se-lo epicentro no que conflúen as rendas e exaccións xunto coa contabilidade presupostaria e de depositaría ou tesourería, determina que na área económica non deba haber ningunha outra sección.

(4) En Betanzos illámo-las series:

-*Libros de actas da Xunta Municipal de Asociados..... 1882-1924*

-*Expts. de constitución da Xunta Municipal de Asociados 1909-1917*